

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL

A CORUÑA

Área de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda

Planeamento

Anuncio de cambio de uso do PXOM vixente no edificio do Faro de Oza e o eido no que se asenta. Expediente 631/2016/340

O Pleno do Concello de A Coruña, na sesión que tivo lugar o 12 de decembro de 2016, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Primeiro.–Cambiar o uso sanitario de titularidade pública “SN (Pb)” previsto polo Plan Xeral de Ordenación Municipal de 2013 vixente no edificio do Faro de Oza e o eido no que se asenta, polo uso de equipamento de continxencia de titularidade pública “EQ (Pb)”, coa finalidade de habilitar a súa utilización como local municipal de uso cidadán.

Segundo.–Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia.

Terceiro.–Notificar este acordo á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, á Autoridade Portuaria de A Coruña, aos Departamentos municipais de Xestión do Solo, Licenzas e Disciplina Urbanística, Sección de Patrimonio Urbanístico, Servizo de Edificación e á Oficina do SIX de Planeamento”.

O expediente tivo entrada na Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio con data do 26 de xaneiro de 2017.

Contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñer directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte da derradeira publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contenciosa administrativa. Así mesmo poderá interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da derradeira publicación, de conformidade co artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo de calquera outro que estime procedente.”

A Coruña, 8 de febreiro de 2017.

O alcalde

PD. (Decreto do 15.6.2015)

Concelleiro responsable de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda

Xiao Varela Gómez

2017/1102